

DESDE
2007

Herald Toupeiras SPECIAL EDITION



O Boletín Independente dos Empregados Públicos

ESPECIAL ORZAMENTOS 2013

Enero de 2013



"Non nos ías a pedir máis"

DELANTE



"O fusilamento do persoal
interino e temporal"

DENTRO



"As frases célebres do
Presidente"

DETRÁS

“AOS EMPREGADOS PÚBLICOS XA NON LLES PODEMOS PEDIR MÁIS”

(Alberto Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia, dixit)



Estas declaracións do Presidente da Xunta de Galicia foron titular dos medios de comunicación o pasado 20 de xullo de 2012.

Cinco meses antes, o Presidente da Xunta ameazábanos a todos os empregados públicos con que se non axustábamnos as nosas condicións laborais, a única saída sería o recorte de nóminas. Pedíanos comprensión e xustificábase ante a sociedade: Galicia sería das poucas Comunidades que non tocaría o soldo dos seus empregados e asumir a perda dos dereitos laborais garantiría a inmunidade dos salarios.

En outubro, en plena campaña electoral, o Presidente dedicouse a atacar ao anterior goberno central do PSOE “polo maior recorte salarial que se recorda no ámbito público”, á vez que se vangloriaba en todos os actos populistas de ser dos poucos Presidentes “*que non rebaixara o soldo aos empregados públicos*”. Pero tras as eleccións o Presidente da Xunta fixo o contrario do que viña prometendo.

O proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o 2013 contén o paquete de medidas de recorte máis lesivo que se recorda na administración da Xunta de Galicia:

Recortes de índole económico:

Xa é na Exposición de Motivos do proxecto de Lei de Orzamentos onde se anuncia que: “*As retribucións do persoal funcionario, docente, altos cargos, persoal directivo das entidades instrumentais do sector público autonómico, laboral ou ao servizo das institucións sanitarias non experimentarán ningún incremento respecto do exercicio anterior... Ademais durante o 2013 establécese que dito persoal percibirá o 60% de media das dúas pagas extra, que unicamente estarán formadas polo soldo base, os trienios e o complemento específico ou cantidade equivalente...*”.

A consolidación da supresión do Complemento Específico:

Pero a pesares de que a Lei de Orzamentos ten vixencia anual, xa se establece na propia exposición de motivos que a redución do complemento específico manterase “*ata que se acaden ingresos en termos similares ao momento no que se incorporou o complemento específico nas pagas extras*”

Ademais, no artigo 20.d) do proxecto de Lei establécese que: “*O complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe... experimentará, respecto da súa contía a 1 de xaneiro de 2012, unha redución equivalente á suma das pagas adicionais correspondentes aos meses de xuño e decembro, percibíndose en doce mensualidades.*”

É dicir os empregados públicos galegos, a maiores da conxelación salarial establecida a nivel estatal, imos sufrir un recorte dun 40% das nosas pagas extraordinarias; **recorte que se perpetuará por tempos indefinidos.**


O carácter regresivo da supresión do Complemento Específico:

Contrariamente ao anunciado polo Presidente da Xunta e do disposto na propia Exposición de Motivos, a supresión do complemento específico é regresivo na maioría dos casos, tal e como xa denunciou CSI•F nos pasados días. En todos os postos susceptibles de seren ocupados por funcionarios de diversos grupos, o “*axuste retributivo*” será máis forte para os grupos inferiores pois, mentres o soldo, complemento de destino e trienios é maior para os grupos superiores, a

contía do complemento específico é a mesma con independencia do grupo profesional ao que pertenza o funcionario que ocupe dito posto.

A supresión da carreira administrativa e da promoción interna:

O artigo 24 do proxecto de Lei de Orzamentos establece que quedarán sen dotación orzamentaria “*aquelas prazas das correspondentes Relacións de Postos de Traballo que se encontren sen ocupación. As relacións de postos de traballo vixentes o 1 de xaneiro de 2013 deberán ser obxecto das modificacións para axustalas ás previsións orzamentarias...*”



debéndose amortizar as prazas que non teñan dotación orzamentaria. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberase efectuar no prazo máximo de tres meses contados a partir da entrada en vigor desta lei”

Isto tradúcese en que con anterioridade á convocatoria do próximo concurso de traslados (en principio previsto para o primeiro semestre do ano 2013) e antes da convocatoria dos procesos de promoción interna, vanse amortizar as prazas vacantes, con independencia de que sexan prazas de nivel ou non, sen darlle oportunidade aos empregados públicos de desenvolver a súa carreira profesional.

E si ben o proxecto de lei establece que ditas propostas de amortización deberanse facer antes de tres meses dende a entrada en vigor da Lei de Orzamentos, consellerías como a de Traballo e Benestar está a proceder á revogación de comisións de servizos ao deixar as prazas sen dotación orzamentaria.

O inminente cese do persoal interino e temporal:

As amortizacións das prazas que se atopen sen dotación orzamentaria antes do concurso de traslados implicará que no próximo concurso só serán ofertadas as prazas que están sendo ocupados por persoal interino ou temporal. Deste xeito a Conselleira de Facenda cumpre co seu compromiso: “*O persoal interino ou temporal só será cesado no caso da cobertura regulamentaria da súa praza*”. Pero si as únicas prazas a ofertar para a provisión regulamentaria son as deste persoal iso tradúcese no cese da práctica totalidade dos funcionarios interinos e do persoal laboral temporal.

Pero por si fose pouco, a maiores, o artigo 32.4 establece que: “*Durante o ano 2013 **amortizaranse** na Administración Xeral da Xunta de Galicia, Organismos autónomos e demais entidades do sector público autonómico... un número de prazas equivalente, ao menos, ao das **xubilacións** que se produzan, salvo nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. No caso do persoal funcionario as prazas amortizadas serán do mesmo Grupo e Subgrupo profesional no que se produza a xubilación..., e no caso do persoal laboral, do mesmo grupo profesional. Habilítase á Consellería de Facenda a establecer os termos e o alcance desta amortización.*”

É dicir, ás amortizacións previstas no artigo 24 (prazas vacantes sen ocupación) súmanse agora ás amortizacións dun numero equivalente ao de todas as prazas que queden vacantes como consecuencia das xubilacións que se produzan. E todo iso sen darlle opción aos empregados públicos que poidan concursar a ditas prazas e dando “patente de curso” á Consellería de Facenda para eliminar as prazas que estime oportuno.

Conclusiones:

No ano 2013 o Goberno de Galicia non só reduce aos seus empregados públicos o seu salario anual en máis dun 6%, senón que tamén elimina as súas posibilidades de carreira profesional e de promoción interna, e botará á rúa a centos de interinos e temporais.

A nova vulneración por lei do Convenio Colectivo

A Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público, suspendía a aplicación do artigo 19 do Convenio Colectivo da Xunta de Galicia, no que se refería a *Descansos e festivos*, pero deixando viva a aplicación do parágrafo primeiro, relativo ao *Descanso semanal*.

Pero o proxecto de Lei de Orzamentos de 2013, na súa Disposición Adicional Décimo sétima, suspende agora a eficacia de todo o artigo 19 do Convenio Colectivo, deixando sen efecto o relativo ao descanso semanal.

Unha vez máis, o Goberno da Xunta amosa a súa falta de capacidade de negociación, e o que non é capaz de conseguir mediante o diálogo o impón mediante lei.

Pero o Presidente da Xunta non lle ía pedir máis aos empregados públicos!!

A AUSTERIDADE VÍSTESE DE “OPTIMISMO

O luns 31 de decembro de 2012, xusto dez días despois de que o Goberno da Xunta anunciase a súa intención de suprimirlle aos seus empregados públicos o complemento específico das pagas extraordinarias (o que se traduce nun recorte preto do 6% da súa masa salarial) e a escasos días da presentación no Parlamento do proxecto de orzamentos máis perniciosos do conxunto do Estado español, o DOG ven de publicar as axudas concedidas ás empresas xornalísticas e de radiodifusión. **Un total de 1.693.385,47€**

Anteriormente, o pasado 8 de novembro de 2012, a Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia asinou dos convenios con La Voz de Galicia e El Correo Gallego por un importe de **205.000€** coa finalidade da *“difusión informativa das potencialidades de Santiago. Esta grande inversión co diñeiro de todos os galegos se destinará para “dar a coñecer aos cidadáns de Santiago de Compostela e comarca as potencialidades da cidade nos distintos ámbitos económico, social, cultural, turístico e institucional”*. É dicir, dar a coñecer aos habitantes dunha cidade o que representa a cidade na que viven.

Pero novembro foi un mes pródigo para ás empresas de comunicación. Nese mes o Goberno de Galicia comezou unha campaña para **“transmitir optimismo”** ante a crise a través dun ambicioso proxecto de anuncios propagandísticos cun impacto nada desprezable para as arcas públicas galegas. Unha contía inicial de **826.271€** foi adxudicada á consultora Imaxe Intermedia, S.A. para facer unha campaña de comunicación e divulgación coa intención de facer chegar aos cidadáns, ademais do devandito “optimismo”, ***as novas formas de reactivar a economía, crecer, xerar emprego e saír da crise***. Motivados pola *“busca de aforro e a eficiencia”*, a Xunta decidiu desenvolver unha ambiciosa acción de sensibilización e promoción para *“sumar aos galegos ao novo modelo económico que está a impulsar, centrado na competitividade”*. (sic.). Pero a pesares de que a contía inicial de 826.271 euros transformouse en 999.788,14 euros o mes de setembro, polo incremento do IVE do 18% ao 21%, a Goberno de Galicia considerou que transmitir “optimismo” aos galegos era unha boa xestión do diñeiro público que empatizaba perfectamente co seu particular concepto de austeridade.

E así, a pesares de que o paro en Galicia se sitúa no 20'1% (264.000 desempregados); a pesares de cada día son máis os galegos desafiuzados; a pesares de que cada día son máis as familias galegas que non chegan a fin de mes e que non lle poden mercar os libros aos seus fillos... A pesares de todo isto, os galegos podémonos sentir afortunados, pois seremos os cidadáns cun maior grao de optimismo de todo o Estado, seremos beneficiarios dunha prensa veraz, obxectiva e independente que nos “informará” puntualmente do bo facer dos nosos gobernantes e da súa xestión baseada na austeridade e, o que é máis importante... A pesares de todo isto, unha grande cantidade de cidadáns de Santiago de Compostela seguirán a pasar penurias pero redescubrirán os encantos da súa cidade.

Deixará sen dotación orzamentaria as prazas vacantes sen ocupación efectiva, para a súa inmediata amortización.

A DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS PREVÉ ELIMINAR AO PERSOAL INTERINO E TEMPORAL SUPRIMINDO DE XEITO ENCUBERTO 1.528 POSTOS DE TRABALLO

O 2013 vai camiño de consolidarse como o ano da destrución masiva de emprego público, iniciada en 2012, xa que ademais de cercenar as posibilidades de carreira profesional e promoción interna, suporá a eliminación do persoal interino e temporal así como dos servizos públicos. A Dirección Xeral de Orzamentos quere suprimir nada menos que 1.528 postos de traballo da Administración Xeral da Xunta mediante a Lei de Orzamentos, sen contar os postos que poidan desaparecer no ámbito do Sergas ou dos entes instrumentais

¿Cómo se fará efectiva esta eliminación? Segundo o proxecto de Lei de Orzamentos, se deixarán sen dotación orzamentaria ás prazas vacantes sen ocupación efectiva, como paso previo a súa amortización. Pero os efectos perniciosos comezarán incluso antes da súa entrada en vigor, xa que desde este mesmo mes a Dirección Xeral de Orzamentos deixa sen dotación económica postos de traballo, con independencia de que estean ou non ocupados. Ademais, faino sen estar habilitada para iso, xa que estes recortes non están contemplados nin na Lei de Orzamentos de 2012 nin no Decreto de prórroga dos mesmos.



Segundo puido saber CSI•F, a Dirección Xeral de Orzamentos, capitaneada por Miguel Corgos, solicitou o pasado mes de outubro de Función Pública unha relación de todas as prazas vacantes. Acto seguido, advertiu a todas ás consellerías que de non proceder de xeito inmediato a deixar sen dotación orzamentaria un número determinado de postos de traballo, dende Orzamentos, de xeito arbitrario e discrecional, procedería a facelo ata conseguir a redución do porcentaxe da masa salarial que eles estimasen conveniente.

Amortizar vacantes por xubilación

Pero se non fose suficiente a eliminación de máis de 1.500 postos, o propio proxecto de Lei de Orzamentos do 2013 ordena taxativamente a amortización das prazas que queden vacantes por xubilación do seu titular ou, cando menos, dun número equivalente.

Deste xeito, o que dende a Dirección Xeral de Orzamentos xustifícase como unha reordenación da Administración e, en realidade, a maior agresión aos empregados públicos e á sociedade realizada encubertamente. Pois isto supón:

- A eliminación da carreira profesional e a promoción interna, xa que mais de 1.500 prazas, a maioría delas de nivel, serán amortizadas antes de seren ofertadas no próximo concurso de traslados
- . O cese fulminante do persoal interino e temporal, dado que as súas prazas serán as únicas que se poidan ofertar no seguinte concurso de traslados.
- . A destrución masiva de emprego público, é dicir, dos servizos públicos que se prestan ao conxunto da cidadanía.

O CURIOSO CASO DO PERSOAL EVENTUAL:

Contrariamente ao que vai a ocorrer co persoal interino e temporal, o Goberno de Galicia lonxe de reducir o número de asesores, mantén nas Axencias os mesmos que tiña nos centros directivos antes da súa conversión en entes instrumentais.

Así, e tal como denuncia El País do 10 de xaneiro de 2012, a partida destinada para persoal eventual de gabinete do Presidente da Xunta aumenta de 785.000€ a 909.000€, un 15%. Pero iso non significa que o Presidente da Xunta vaia ter no ano 2013 máis asesores que no 2012; pola contra serán menos dos que dispoñía. O incremento ven dado pola “truco laboral” de asumir o custo dos asesores que agora prestan o seu servizo ás Axencias, toda vez que en ditos entes instrumentais non está contemplada a existencia de este tipo de persoal.

Curiosamente, o Goberno de Galicia considera que entre todos os empregados públicos aos que se lle supón un mérito e unha capacidade profesional suficiente non existe ningún que sexa digno da súa confianza, polo que ten que manter intacto o seu plantel.

Pero máis curioso aínda é que no proxecto de Lei de Orzamentos para o ano 2013 en ningún momento se establece unha redución das retribucións deste persoal. Así, o artigo 17 de dito proxecto si establece unha redución das retribucións do Presidente da Xunta (7%); do Vicepresidente (6'6%); dos secretarios Xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais e delegados territoriais (6'3%); Conselleiro maior do Consello de Contas (6'9%) e as dos Conselleiros (6'6%), etc. Pero non existe mención ningunha á redución das retribucións do persoal eventual.

Curioso e inexplicable!

FRASES CÉLEBRES QUE NO DEBEMOS DE CELEBRAR:

“*Con el sacrificio de los ciclistas, España saldrá en 2013 de la crisis*”. (Alberto Núñez Feijoo) Las bicicletas han dejado de ser sólo para el verano.



“*Nuestros padres y abuelos se han quejado menos y han trabajado más*” (Alberto Núñez Feijoo) Que se lo pregunte a los jubilados, o a nuestros mayores de los centros de tercera edad que cada vez están peor asistidos por la reducción de personal a pesar de haber trabajado para dejarnos un Estado de Bienestar que ahora está siendo destruído por nuestros gobernantes.

CURIOSIDADES MALSANAS SOBRE LA ORDENACIÓN TERRITORIAL DE ESPAÑA:

En España existen en la actualidad 8.117 municipios.

De ellos 7.171 se componen de una población de menos de 20.000 habitantes.

6.799 ayuntamientos aglutinan a menos de 5.000 habitantes.

En el 47% de los ayuntamientos, es decir, 3.822, habitan de 500 personas.

1.135 ayuntamientos están integrados por menos de 101 ciudadanos.

Y en 2.687 ayuntamientos habitan más de 101 personas y menos de 500.

Pero todos ellos disponen de sus respectivos alcaldes y concejales, pagados todos ellos con los impuestos de todos los españoles.

La ciudad de Nueva York tiene 20 millones de habitantes, la mitad de la población española.

¿Cuántas personas componen el gobierno de su ayuntamiento? 51

DEFENDENDO O PÚBLICO
Boletín Independente dos Empregados Públicos

CSI-F
Galicia
Sección Sindical
Servicios Centrais

Local Sindical San Caetano
Edif. Administrativo San Caetano
Tfno.: 981 54 59 89 – Fax: 981 95 72 73
e-mail: csif.sancaetano@xunta.es

Local Sindical San Lázaro
Edif. Consellería de Sanidade (SERGAS)
Tfno.: 881 54 28 01 – Fax 881 54 86 88
e-mail: csif.conselleria.sanidade@sergas.es

<http://heraldtoupeiras.es> / <http://facebook.com/herald.toupeiras>